



## **INFORME ANUAL DE RESULTADOS**

### **Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**

**Curso Académico: 2021/2022**

## 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DO INFORME

<u>1. DATOS DO PROGRAMA</u>	
Denominación do programa	Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de programas interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Escola responsable	Facultade de Ciencias
Centro/s Participantes	
Nome do/a coordinador/a do programa	Manuel Vázquez Vázquez
Correo electrónico do/a coordinador/a do programa	manuel.vazquez@usc.es
Códigos ISCED	
Curso de implantación	2017/2018
Data acreditación ex ante (verificación)	8/05/2017
Data renovación acreditación	-

## 2. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Criteria	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	<a href="#">4316196_P.Ind_2021-2022</a>
			<a href="#">4316196_INF.16_2021-2022</a>
			4316196_INF.CiUG_2021-2022 (n/d)
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	<a href="#">4316196_I2_2021-2022</a>
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	<a href="#">4316196_P.Ind_2021-2022</a>
			<a href="#">5011_INF.03_2021-2022</a>
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	<a href="#">4316196_P.Ind_2021-2022</a>
			4316196_INF.04_2021-2022 (n/d)
			5011_INF.05_2021-2022_(n/d)
			<a href="#">4316196_INF.06_2021-2022</a>
			<a href="#">4316196_INF.07_2021-2022</a>
			4316196_INF.08_2021-2022 (n/d)
			<a href="#">4316196_INF.09_2021-2022</a>
			<a href="#">5011_INF.10_2021-2022</a>
			<a href="#">5011_INF.11_2021-2022</a>
			<a href="#">4316196_INF.13_2021-2022</a>
			<a href="#">4316196_INF.14_2021-2022</a>
			<a href="#">5011_INF.21_2021-2022</a>
<a href="#">4316196_INF.22_2021-2022</a>			
<a href="#">4316196_INF.23_2021-2022</a>			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	<a href="#">4316196_P.Ind_2021-2022</a>
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	<a href="#">4316196_E15_2021-2022</a>
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto)	<a href="#">5011_E16_2021-2022</a>

		desempeñado)	
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	<a href="#">5011_I6-I7_2021-2022</a>
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	<a href="#">5011_I6-I7_2021-2022</a>
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	<a href="#">4316196_INF.13_2021-2022</a>
			<a href="#">4316196_INF.14_2021-2022</a>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	<a href="#">5011_I10_2021_2022</a>
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	<a href="#">4316196_INF.15_2021-2022</a>
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	<a href="#">4316196_P.Ind_2021-2022</a>
			<a href="#">4316196_INF.17_2021-2022</a>
			<a href="#">4316196_INF.18_2021-2022</a>
			<a href="#">4316196_INF.19_2021-2022</a>
			<a href="#">4316196_INF_SIIU_2021-2022</a>
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	<a href="#">4316196_P.Ind_2021-2022</a>
			4316196_INF.CiUG_2021-2022 (n/d)
7	I14	Resultados de inserción laboral	4316196_EIL-SIIU_2021-2022 (n/d) 4316196_EIL-ACSUG_2021-2022 (n/d)
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	<a href="#">4316196_P.Ind_2021-2022</a> <a href="#">4316196_MedUSC_2021-2022</a>

### 3. ANALISE (Cumprimento do proxecto establecido):

#### Dimensión 1. A xestión do título

Analizarase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, e realizar o oportuno seguimento das accións de mellora .

#### ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

##### Organización e desenvolvemento no curso 2021-22

No curso 2017-2018 levouse a cabo a implantación do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentaria. No curso 2021-2022, a cuarta promoción realizou o terceiro semestre co desenvolvemento do programa formativo correspondente ás prácticas externas e Tralaballo Fin de Máster.

Xa tendo catro promocións de egresados, nunha valoración inicial, tendo en conta tódolos aspectos relacionados co desenvolvemento do programa formativo, constatouse que as guías docentes estanse cumprindo. Non se considera necesario levar a cabo modificacións do devandito programa polo momento.

Os procedementos de coordinación implican comunicacións e reunións frecuentes entre o coordinador do máster, alumnos e profesores. As comisións correspondentes reúnen con periodicidade para garantir a calidade dos estudos.

No curso 2021-22 tivemos 42 preinscritos. A oferta total de prazas e de 20 e matriculáronse de novo ingreso un total de 18 estudantes. Realmente completouse a matrícula con 20 estudantes, pero no período de posible desestamento e posterior de anulación administrativa, dous estudantes cambiaron de idea e desistiron, xa non sendo posible admitir novos alumnos que quedaron na lista de espera. Especialmente o alumnado de países alleos ao EEES con frecuencia realiza anulacións de matrícula moi avanzado o curso o que provoca que non se poda ocupar novamente esa praza, aínda que exista alumnado interesado.

A titulación de procedencia e moi variada dentro do campo das Ciencias Experimentais que dan acceso o mesmo, tal como se amosa na seguinte táboa.

**12. Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias - P1221V01**

Ano académico	Titulación de procedencia	Num. de estudantes
2021/2022	Grao en Bioloxía pola Universidade da Coruña	1
	Grao en Bioloxía pola Universidade de Alcalá de Henares	1
	Grao en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela	3
	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos pola Universidade de Vigo	3
	Grao en Ciencias da Alimentación pola Universidade Autónoma de Madrid	2
	Grao en Nutrición Humana e Dietética pola Universidade de Santiago de Compostela	3
	Grao en Nutrición Humana e Dietética pola Universidade de Valladolid	1
	Grao en Química pola Universidade de Murcia	1
	Grao en Química pola Universidade de Santiago de Compostela	1
	Estudos Realizados no Estranxeiro	1
	Resolución reitoral de equivalencia	1
	<b>Total 2021/2022</b>	<b>18</b>

Fonte: Base de datos de matrícula da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions (ATIC) actualizada a data fin de ano académico para o curso 2021/2022. Están excluídos/as os/as estudantes matriculados/as ao abeiro do programa Erasmus e doutros convenios.

Por orixe xeográfica, os alumnos matriculados teñen procedencia moi variada. O alumnado procedente doutras CC.AA. foi do 21,62% recibindo estudantes de Andalucía, Castela-A Mancha, Castela e León e Extremadura. A taxa de fóra do EEES foi do 5,41%, recibindo estudantes de Arxentina, Brasil, Honduras e México. Os indicadores relacionados con este criterio achéganse a continuación.

Indicador	Descrición	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
IN01M	Prazas ofertadas	25	25	25	20	20
IN02M	Matrícula	19	36	30	31	37
IN04M	Matrícula de novo ingreso	19	18	10	20	18
IN05M	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	--	-5,26	-44,44	100	-10
IN06M	Nota media de acceso por preinscrición	6,92	6,72	6,78	6,98	7,09
IN07M	% estudantes que acceden con nota $\geq 6$	93,75	100	85,71	100	94,75
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%)	5,26	8,33	10	9,68	5,41
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%)	10,53	16,67	26,67	25,81	21,62
IN12M	Taxa de ocupación (%)	76,00	72,00	40,00	100	90,00
IN13M	Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (%)	52,63	58,63	56,67	41,94	40,54

A porcentaxe de matriculados que son titulados da USC foi do 40,54%, mostrando unha gran captación de estudantes doutras universidades. En conxunto, o 94,75% dos estudantes ingresaron cunha cualificación superior a 6. A nota media de acceso foi 7,09, valor superior ao de cursos anteriores.

Inda que no curso 2019-20 houbo un descenso puntual da matrícula, no curso 2020-21 recuperouse e completouse a oferta e no 2021-22 mantense unha alta ocupación, con 18 de 20 prazas ocupadas. Como indicouse anteriormente, no periodo de matrícula completáronse as 20 prazas, pero no periodo posterior de desestimento, dous alumno anuláron a matrícula, quedando dúas praza libres.

## Perfil de ingreso

Á vista dos datos, considérase de interese resaltar os seguintes aspectos respecto do perfil de ingreso:

- O 94,75% do alumnado de ingreso ten unha nota media de acceso igual ou superior a 6 no curso obxecto de seguimento (figura 1).
- A procedencia xeográfica do alumnado foi moi variada. A porcentaxe de alumnado estranxeiro foi do 5.41% (IN08M), amosando o interese internacional do Máster. A tendencia dos últimos cinco anos indica valores entre 5 e 10% (figura 2). Pode citarse que hai máis estudantes extranxeiros, pero moitos de latinoamérica venidos polo programa BEME da Xunta de Galicia, non se teñen en conta neste indicador o ter a nacionalidade española. Por exemplo, no curso 2021-22 tivemos: 1 estudante de Arxentina, 1 de Brasil, 1 de honduras e 1 de Mexico. Esto e 4 de 37, un 10,8% do alumnado total do máster (Datos en 4316196\_INF16\_2021-2022).
- No número de estudantes doutras comunidades, obsérvase unha tendencia decrecente nos últimos 3 cursos, inda que mantívose en valores altos, o redor do 22% (figura 3).




Figura 1. Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis.




Figura 2. Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados.






Figura 3. Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados.

Dentro de Galicia, a distribución é dispersa entre as provincias, pero curiosamente neste curso e no anterior non temos alumnos da provincia de Ourense que si houbo en anos anteriores. Inda que si temos 3 novos estudantes co grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos pola Universidade de Vigo feito no campus de Ourense. Tendo en conta o total de alumnos do máster entre o primeiro e segundo curso (23 alumnos de dentro de Galicia) temos esta distribución de estudantes: A Coruña: 9; Lugo: 9; Ourense: 0; Pontevedra: 5 (Datos en 4316196\_INF16\_2021-2022).

### Análise do perfil real de egreso

Na enquisa de Satisfacción xeral do/as egresados/as de titulacións de Máster de la USC, 4316196\_INF09\_2021-2022, das 31 enquisas cubertas, un 3.23% foron de estudantes do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias. Nesta enquisa os alumnos valoraron con 3.79 puntos sobre 5 que o seu traballo está relacionado coa titulación e con 3,65 puntos que a túa titulación che resulta útil para o mercado laboral.

### ■ Criterio 2. Información e transparencia

A páxina principal da USC na súa sección de admisión en programas de máster (<https://www.usc.gal/gl/admision/master>) ofrece información xeral a calquera grupo de interese, e especialmente, para estudantes. Conta con información completa e actualizada en tres idiomas (galego, castelán e inglés) sobre os requisitos de acceso para realizar estudos de máster segundo o Real decreto 99/2011.

Na páxina Web do centro está dispoñible información específica sobre o título, como memoria, horarios, guías docentes, profesores, prácticas externas, normativa e calendarios do TFM

## Estudos / Másteres / Ciencias

# Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

**Tipo** Presencial  
**Área** Ciencias  
**Centro(s)** Facultade de Ciencias  
 Avda. Alfonso X  
 O Sabio, s/n,  
 27002  
 Lugo  
 982824095  
 (Conserxaría)  
 982824009  
 (Decanato)  
[fcdeca@usc.gal](mailto:fcdeca@usc.gal)

**Campus** Lugo  
**Coordinador/a** Manuel Vázquez Vázquez  
**Contacto** [manuel.vazquez@usc.es](mailto:manuel.vazquez@usc.es)

Este máster ofrece unha formación de calidade de carácter especializado en Nutrición, Tecnoloxía e Seguridade Alimentarias que permite dar resposta social ás esixencias da Unión Europea en relación coa protección da saúde dos consumidores e a seguridade dos alimentos. Este máster impártese nos campus de Santiago e de Lugo, sendo a súa sede a Facultade de Ciencias de Lugo.

[➤ Admisión e matrícula](#)
[➤ Normativa](#)
[➤ Bolsas e axudas](#)
[➤ Web propia](#)

### Presentación

### Desenvolvemento

### Plan de estudos

### Oferta e admisión

### Obxectivos, competencias e saídas profesionais

### Mobilidade e Prácticas

### Traballo fin de Máster

### Equipo docente

**Duración:** Un ano e medio  
**Prezo/curso (aprox.):** UE: 13,93€/crédito (835,80 €) | Non UE: 17,41€/crédito (1089,20 €)  
**Número prazas:** 20

**Responsable do título:**  
 ASTERIA M. LUZARDO ALVAREZ  
[asteriam.luzardo@usc.es](mailto:asteriam.luzardo@usc.es)

**Coordinador-a do título:**  
 Manuel Vázquez Vázquez  
[manuel.vazquez@usc.es](mailto:manuel.vazquez@usc.es)

**Linguas de uso:**  
 Castelán, Galego

 [Memoria do título](#)

**Universidade coordinadora:**  
 Universidade de Santiago de Compostela

**Universidade(s) participante(s):**  
 Universidade de Santiago de Compostela


Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia:  
**orde do 4 de xullo de 2017 (DOG do 14/07/2017)**

Data de publicación no BOE:  
**16/02/2018**

Data da última acreditación:  
**08/05/2017**


## Facultade de Ciencias

[O centro](#)
[Estudos](#)
[Información académica](#)
[Calidade](#)



**Facultade de Ciencias**  
 Avda. Alfonso X O  
 Sabio, s/n, 27002  
 Lugo  
 982824095  
 (Conserxaría)  
 982824009  
 (Decanato)  
 fcdeca@usc.gal

A Facultade de Ciencias, creada en 1991 como transformación do Colexio Universitario de Lugo, é un centro de formación de profesionais capaces, competentes e comprometidos socialmente. Procura a excelencia en todas as funcións que desempeña: docencia, xeración de coñecemento e a súa difusión a través da investigación desenvolvida, realizándose de xeito socialmente responsable.


[Acceso á Intranet](#)



[Visita 360° ao centro](#)

Figura 4. Pantalla da Web do título en <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias/master-universitario-innovacion-nutricion-seguridad-tecnologia-alimentarias> e do centro <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias>

### ■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior

O Sistema de calidade do MINSTA está incorporado no Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Ciencias, que alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas vinculadas a el (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos). En conxunto, o SGC da Facultade de Ciencias contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

Os órganos de goberno, comisións e responsables que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as Comisións de Título (entre elas a Comisión académica do MINSTA), a Responsable de Calidade do Centro e os Coordinadores de Título (entre eles o coordinador do MINSTA). As funcións de todos eles, relacionadas co desenvolvemento do SGC, poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade (6ª edición) accesible na seguinte dirección:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía de Calidade, como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia

cos seus grupos de interese. O deseño do mesmo foi avaliado positivamente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia con data 30 de maio de 2012, emitíndose certificación o 13 de decembro de 2012. Posteriormente, fóronse levando a cabo actualizacións para adaptalo aos cambios producidos tanto a nivel do propio Centro como da USC.

A Facultade de Ciencias renovou a acreditación de todos os seus títulos de grao e máster implantados o 8 de xullo de 2015. Durante o curso 2016-17, o Centro someteuse ao procedemento de Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade, o que supuxo un profundo proceso de modificación e de revisión do mesmo. A Facultade de Ciencias obtivo con data 25 de xuño de 2018 a Certificación de Implantación do SGC con validez ata o ano 2023. En canto á Acreditación Institucional, o 30 de outubro de 2018 obtívose Informe favorable de Acreditación Institucional da ACSUG e o Consejo de Universidades por Resolución do 28 de xaneiro de 2019 declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias, que deberá renovarse antes do transcurso de 5 anos.

A documentación do Sistema de Garantía de Calidade da USC pódese consultar no seguinte enlace: Sistema de Garantía de Calidade <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

Compre subliñar, que no curso 2019-20, a facultade de Ciencias elaborou e aprobou o seu **PLAN ESTRATÉXICO PONTE E PLAN DE MELLORA ANUAL 2020-2022**, que logo dun análise da situación do centro, recolle as accións e liñas estratéxicas a desenvolver nos próximos dous anos e as accións de mellora a levar adiante consonte o análise realizado polas Comisión de Calidade. O plan está dispoñible publicamente no enlace:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/IXjJF7RMxKDOqPzsP21IkJnB8cnY75gGunhb3b9bSJY/1621337336/public/documents/2021-05/Plan-Estrat-Ponte-e-Plan-de-Mellora-Anual-FacCiencias.pdf>

### **Revisión do plan de melloras do curso anterior**

Derivado do informe de resultados 2019-20 a Comisión do MINSTA non propuxo para o curso 2021-22 ningunha acción de mellora, a maiores das que xa estaban contempladas no Plan de Mellora Anual 2020-2022 derivadas do Plan Estratéxico Ponte.

### **Dimensión 2. Recursos humanos**

Analizarase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título
---

### **■ Criterio 4. Recursos Humanos**

#### **PDI**

A tipoloxía do profesorado do MINSTA, os seus departamentos, áreas de adscrición e a súa experiencia docente e investigadora resúmense nas dúas táboas seguintes:

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO				
Título: Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias			Centro: Facultade de Ciencias [L]	RUCT: 4316196
Categoría	Número	Porcentaxe	Número	Horas
Investigador/a: JIN (Jóvenes Investigadores)	1	2.0%		2.0
Posdoutoral Xunta	2	4.0%		19.0
Profesional área externa_máx. 30 h	13	26.0%		89.5
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	13	26.0%		234.5
Profesor/a: Colaborador	1	2.0%		46.0
Profesor/a: Emérito LOU	1	2.0%		11.0
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	2	4.0%		45.0
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	3	6.0%		47.0
Profesor/a: Titular de Universidade	14	28.0%		181.0
<b>Total general</b>	<b>50</b>	<b>100.0%</b>		<b>675.0</b>

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA				
Título: Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias			Centro: Facultade de Ciencias [L]	RUCT: 4316196
Departamento	Área	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora
Departamento externo vinculado ás titulacións	[P1151] Área externa MU en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias	2	0	0
	[P1221] Área externa MU en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias	11	0	0
Enxeñaría Química	[555] Enxeñaría Química	1	5	2
Estatística, Análise Matemática e Optimización	[265] Estatística e Investigación Operativa	1	6	0
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	[315] Farmacoloxía	6	23	22
Microbioloxía e Parasitoloxía	[630] Microbioloxía	2	5	2
Organización de Empresas e Comercialización	[095] Comercialización e Investigación de Mercados	1	0	0
	[650] Organización de Empresas	1	5	1
Produción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría	[705] Producción Vexetal	1	6	5
Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía	[680] Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos	1	6	4
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	[640] Nutrición e Bromatoloxía	12	50	43
	[750] Química Analítica	3	16	11
	[780] Tecnoloxía de Alimentos	7	30	28
Química Física	[755] Química Física	1	6	6
<b>Total general</b>		<b>50</b>	<b>158</b>	<b>124</b>

Actualmente participan no título 50 profesores, dos cales 13 son expertos externos. O PDI que imparte docencia no MINSTA está adscrito aos departamentos indicados na taboa, xunto co número de profesores en cada caso e a tipoloxía do profesorado. A maior parte da docencia é impartida por profesores titulares de universidade (28%) e por catedráticos de universidade (26%), que mostran unha dilatada experiencia como docente (quinquenios) e como investigador (sexenios). O PDI doutor é o 97.06% e a porcentaxe do PDI funcionario é do 79,41%. Estes datos son superiores a da media da USC do curso anterior.

Indicador		Media USC 20-21	MINSTA 21-22
IN24M	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	89,11	100
IN25M	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	90,13	97,06
IN26M	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	60,42	79,41

Por todo isto, o perfil do profesorado considérase adecuado para acadar os obxectivos docentes e de investigación especificados na Memoria do Título.

## PAS

En canto ao persoal de administración e servizos, contase coa dotación adscrita á Facultade de Ciencias e aos servizos directamente vinculados coa titulación. O centro dispón actualmente do persoal que se indica na táboa seguinte:

Núm.	Unidade	Escala/Categoría	Denominación do posto	Antigüidade (no posto e escala)
1	CONSERXERÍA CIENCIAS	Auxiliar técnico informático	CONSERXE	13 ano(s), 1 mes(es) e 26 día(s)
2	CONSERXERÍA CIENCIAS	Auxiliar técnico servizos	AUXILIAR TECNICO SERVICIOS	4 ano(s), 5 mes(es) e 1 día(s)
3	CONSERXERÍA CIENCIAS	Auxiliar técnico servizos	AUXILIAR TECNICO SERVICIOS	5 ano(s), 4 mes(es) e 16 día(s)
4	CONSERXERÍA CIENCIAS	Auxiliar técnico servizos	AUXILIAR TECNICO SERVICIOS	7 ano(s), 8 mes(es) e 10 día(s)
5	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	14 ano(s), 5 mes(es) e 0 día(s)
6	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	17 ano(s), 10 mes(es) e 0 día(s)
7	SECRET. DECANATO CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	SECRETARIA DE DECANATO	20 ano(s), 0 mes(es) e 27 día(s)
8	UNI. XEST. CENTRO DEP. CIENCIAS	E. de xestión-administración	RESPONSABLE UNIDADE	12 ano(s), 3 mes(es) e 27 día(s)
9	UNIDADE AA. EE. CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	RESPONSABLE ASUNTOS ECONOMICOS	13 ano(s), 1 mes(es) e 19 día(s)

Os distintos membros do PAS prestan os seus servizos para o bo funcionamento do centro nos seus ámbitos propios de competencia. E quizais a única aclaración debe ser a adicada ao persoal Técnico de Investigación. Os técnicos de investigación, así definidos na Lista de Postos de Traballo da USC, constitúen o persoal de apoio técnico aos laboratorios prácticos e entre as súas funcións podemos destacar dúas fundamentais:

#### 1. Xestionar a actividade de laboratorio:

- Actuar baixo as regras de boas prácticas, aplicar as principais medidas de seguridade, hixiene e protección ambiental no laboratorio, fundamentalmente no referido ao procesamento e eliminación de residuos.
- Actualizar a documentación para unha rápida consulta, así como a distribución e actualización da documentación técnica para o seu uso no laboratorio.
- Realizar tarefas de limpeza e mantemento de materiais e equipamentos e realizar as reparacións básicas necesarias e comunicar avarías importantes.
- Afinar e calibrar os equipos existentes nos laboratorios para realizar as diferentes análises.
- Xestionar os recursos do laboratorio e controlar as existencias.
- Prestar soporte técnico aos usuarios e instruírles sobre o uso do equipo.
- Realizar probas de identificación, medición e análises.

#### 2. Apoio á docencia

- Proporcionar soporte técnico para a programación de clases prácticas.
- Colaborar no desenvolvemento de clases prácticas baixo a dirección do profesor.
- Demostrar como manexar o equipo.

Por tódolos aspectos mencionados anteriormente considérase que a plantilla resulta ser axeitada e suficiente para as tarefas a desenvolver no MINSTA e ademais a súa cualificación e adicación e moi apropiada aos fins do título.

### ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

A Facultade de Ciencias, onde se desenvolve a docencia do MINSTA, dispón de instalacións, recursos materiais e servizos axeitados para o desenvolvemento da actividade docente e discente do máster: A Facultade dispón, en ámbolos dous edificios que a compoñen, de puntos de acceso para persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade e conta con prazas de aparcamento reservadas a tal efecto.

Dispónse de rede wifi na totalidade do centro, o que permite utilizar como zonas de traballo non so as salas de lectura senón tamén lugares habilitados con mesas e tomas de corrente ao longo de todo os edificios, o que se considera de gran importancia xa que o alumnado fai uso de plataforma Web para dispoñer de materias docente, exemplos de exames, prácticas, exercicios que debe cumprimentar on-line, etc..

Durante o curso 2020-21, derivado da implantación de novas titulacións a Facultade levou a cabo unha modificación dos laboratorios de prácticas coa dotación de mobiliario e infraestruturas para ampliar a capacidade docente interactiva de laboratorio. Así na actualidade dispónse, de 12 laboratorios docentes de prácticas completamente equipados co material necesario para a realización das mesmas ubicados no edificio de laboratorios colindante. Entre o resto de locais da Facultade compre destacar unha aula de lectura con acceso a rede wifi.

Ademais dos laboratorios tamén se construíron 4 novas aulas, existindo actualmente 16 aulas habilitadas para a docencia que dispoñen dos seguintes recursos: 1 ordenador, 1 proxector de vídeo, pantalla táctil de

proxección ou pantalla de proxección, 1 encerado, conexión a Internet, rede wifi dispoñible para o alumnado e o profesor.

Durante o curso académico 2020-21 tamén se habilitou unha nova aula de informática para a docencia interactiva, polo que, na actualidade, dispónse de 4 aulas de informática equipadas cada unha delas con 20 ordenadores para os alumnos e un para o profesor, con conexión a internet e rede wifi. Dúas destas aulas teñen pizarra dixital.

No campus lucense, os recursos bibliotecarios, tanto fondos como postos de lectura, están centralizados na biblioteca de campus denominada Biblioteca Intercentros, que presta servizos ás titulacións ubicadas no campus de Lugo (agás Fac. Formación de profesorado que conta con Biblioteca propia). Segundo datos facilitados pola USC, a Biblioteca Intercentros dispón de 1715 postos de lectura, o que significa unha dispoñibilidade de postos de lectura en bibliotecas por estudante equivalente a tempo completo no campus de pero de 0.50 postos/alumno. En canto aos fondos bibliográficos dispoñibles, nesta instalación cóntase con máis de 100.000 monografías, 250 publicacións periódicas activas e outros recursos non libraríos (mapas, cd's, fotografías, etc.). ademais existe dispoñibilidade de máis 500 outras publicacións periódicas en formato electrónico na USC, accesibles desde calquera punto de conexión da rede da USC, nos seus dous campus.

E de interese comentar que os diferentes grupos de interese amosan un alto grao de satisfacción cos recursos e servizos. En todos os casos ás preguntas da enquisa de satisfacción que se refiren aos medios materiais son contestadas con promedios superiores a 4/5. Con respecto da mellora de instalacións da Facultade de Ciencias, para a actualización e mantemento dos medios audiovisuais, informáticos, etc., compre sinalar que ao longo dos últimos anos, a Facultade ven participando de forma continuada nas convocatorias de accións de mellora promovidas pola sucesivas Vicerreitorías con competencias en materia de calidade. Froito desas accións, en cada curso académico vaise actualizando e renovando as infraestruturas e o equipamento docente (material informático, medios audiovisuais, sistemas de proxección, equipos de laboratorio, software específico, etc...) en función das necesidades de cada titulación.

Durante o curso 2021-22 continuouse coa adquisición de equipamento e infraestruturas docentes no marco do Convenio de financiamento da Xunta de Galicia nas Facultades e Centros de SUG (incorporouse á dotación docente entre outro equipamento un espectrofluorímetro e unha balanza analítica con kit de densidades).

No primeiro semestre do curso 2020-21, no que a maior parte da docencia tivo que levarse a cabo de forma telemática por imperativo de saúde pública, as infraestruturas informáticas e os servizos relacionados con elas tiveron unha importancia capital á hora de proporcionar rapidamente ferramentas axeitadas para este fin. O feito de dispor na USC das packages Microsoft, integrando entre eles a videoconferencia TEAMS, supuxo que a posibilidade de implementar docencia on-line de forma rápida e eficiente fose perfectamente posible. Por iso durante o curso 2020-21 a Facultade de Ciencias levou a cabo accións para instalar novo equipamento para á docencia on-line e ao mesmo tempo incrementar a formación do profesorado neste eido. Neste senso implementáronse melloras nas aulas, tales como a instalación de cámaras automáticas de seguimento que permiten a retransmisión da clase en directo a aqueles alumnos que, por mor de sufrir contaxio con COVID-19, tiveran que respectar períodos de confinamento, facilitando a asistencia on-line deste alumnado para subsanar as posibles carencias na docencia expositiva e interactiva. Todo este traballo realizado no curso 2020-21 serviu para que a docencia no curso 2021-22 contase cun mellor equipamento.

Durante o curso 2021-22 a Facultade de Ciencias levou a cabo unha acción de mellora (AMF2122-8) na que se incluíu a instalación de novas infraestruturas, así como á adquisición de material e equipamento como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución (melloras nas aulas de informática, fabricación dunha campá de extracción de gases, reparacións de equipos, etc).

### Dimensión 3. Resultados

Analizaranse os resultados do título e a evolución que estes tiveron durante o desenvolvemento do mesmo.

Neste sentido, analizaranse os mecanismos establecidos pola universidade para comprobar a adecuada

adquisición, por parte dos estudantes, das competencias inicialmente definidas para o título, é dicir, o cumprimento dos resultados de aprendizaxe que definen o perfil de egreso. Tamén se analizará a evolución dos diferentes indicadores de resultados académicos, profesionais (empregabilidade) e persoais (satisfacción coa formación recibida).

#### ■ Criterio 6. Resultados do programa formativo

Como indicador de demanda podemos usar a taxa de ocupación. No curso 2019-2020 houbo un descenso puntual e considerable na taxa de ocupación, pero no curso 2020-2021 recuperouse completando a matrícula e neste curso 2021-2022 a taxa de ocupación foi do 90%.

		2017-18	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022
IN12M	Taxa de ocupación (%)	76,00	72,00	40,00	100	90

Considerando que é o quinto ano que se imparte este máster no centro, os resultados do título plasmados nos indicadores de rendemento (95,04%), éxito (99,26 %) e avaliación (95,75 %) son moi bos se os comparamos con os previstos na memoria do título, onde estimábase un 90% para estes indicadores. O indicador de Taxa de graduación foi do 90%, superior a taxa de graduación promedia dos másters da USC no último ano publicado 2019-20, que foi do 81,91%.

		2017-18	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022
T. Rendemento(%)	IN34M	96,29	97,07	96,43	94,90	95,04
T. Éxito(%)	IN35M	100,00	99,44	100	100	99,26
T. Avaliación(%)	IN36M	96,29	97,62	96,43	94,90	95,75
T. Eficiencia(%)	IN53M	--	100	97,76	96,69	96,60
T. Graduación(%)	IN37M	--	--	78,95	83,33	90,00

#### ■ Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento

##### A) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

A taxa de resposta a esta enquisa foi do 47,37%, superior a taxa de resposta do curso anterior (28,57%). A valoración global foi de 4,88 mellorando os dos cursos anteriores. Ademais, o alumnado mostra unha boa satisfacción coa docencia recibida en todos os ítems, sendo a nota máis baixa 4,77 sobre 5.






Figura 5. Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

## Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (P1221P01)

### Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Curso académico	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
<b>Pregunta</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>
O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?	N/A	4.00	4.43	N/A	4.94
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?	N/A	4.08	4.39	N/A	4.94
Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos?	N/A	3.88	4.00	N/A	4.77
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	N/A	4.03	4.36	N/A	4.85
O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resultame útil para a preparación da materia?	N/A	3.95	4.29	N/A	4.92
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia?	N/A	3.97	4.30	N/A	4.88
O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?	N/A	3.99	4.41	N/A	4.87
Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?	N/A	3.98	4.25	N/A	4.90
O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase?	N/A	4.01	4.29	N/A	4.81
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?	N/A	4.15	4.71	N/A	4.92
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes?	N/A	4.16	4.46	N/A	4.88
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación?	N/A	4.03	4.50	N/A	4.90
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (contestar só se as empregaches)?	N/A	4.13	4.29	N/A	5.00
O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia?	N/A	3.99	4.32	N/A	4.83
O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?	N/A	4.00	4.41	N/A	4.85
Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia	N/A	4.01	4.36	N/A	4.85
<b>Curso académico</b>	<b>2017/2018</b>	<b>2018/2019</b>	<b>2019/2020</b>	<b>2020/2021</b>	<b>2021/2022</b>
Valoración global	N/A	4.02	4.36	N/A	4.88
Participación	N/A	85.71%	60.0%	N/A	47.37%

A enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación mostra que neste curso 2021/2022 a participación foi aínda máis baixa que no anterior, do 2,86%, o que fai que os resultados non sexan moi representativos. Os alumnos estiveron principalmente descontentos cos horarios e co equilibrio do contido teórico-práctico. Pero en xeral, a valoración global (3,68) foi mellor que a dos cursos anteriores. Como punto forte, a valoración do dos recursos educativos e a atención prestado polo persoal de administración e servizos foi moi boa (5). A participación debe mellorarse.

Satisfacción do alumnado coa titulación

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
<b>Pregunta</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>
Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?	N/A	4.50	4.00	5.00
Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?	N/A	3.00	3.00	4.00
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos	N/A	3.50	4.00	5.00
Valora a orientación profesional e laboral recibida no teu centro.	N/A	2.50	1.00	4.00
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	2.50	3.00	5.00
As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?	N/A	3.00	3.00	4.00
O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?	N/A	3.50	5.00	4.00
Os horarios deste cursos foron axeitados?	N/A	2.00	3.00	1.00
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	2.00	3.00	4.00
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	3.50	4.00	5.00
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	N/A	1.50	1.00	2.00
En xeral, considero que a titulación está ben organizada.	N/A	2.50	2.00	3.00
A oferta de prácticas é atractiva?	N/A	1.00	2.00	3.00
A xestión do TFM é axeitada	N/A	2.00	2.00	3.00
A oferta dos TFM é interesante?	N/A	3.00	3.00	3.00
En xeral, sintome satisfeito/a coa titulación neste curso.	N/A	2.50	3.00	4.00
<b>Curso académico</b>	<b>2018/2019</b>	<b>2019/2020</b>	<b>2020/2021</b>	<b>2021/2022</b>
Valoración global	N/A	2.73	2.88	3.69
Participación	N/A	7.41%	3.33%	2.86%

**B) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida:**

Como pode verse pola respostas do 29,41% dos docentes, neste curso 2021/2022 pode asumirse un grao de satisfacción elevado do profesorado coa titulación (4,25 sobre 5), superior a do curso anterior 2020/2021. En xeral, valóranse positivamente aspectos organizativos do título, a calidade docente do título, e a capacidade dos alumnos para afrontar o máster e a súa implicación no título. É moi destacable a alta valoración que se fai da atención prestada polo persoal de administración e servizos (3,80), o campus virtual (3,80) e a asistencia a clase do alumnado (4,73 sobre 5).

Por contra, o profesorado valora ca puntuación mais baixa a distribución da carga de traballo (3,67), a coordinación dos docente (3,73) e os horarios do título (3,93). E aínda que o valor pode considerarse aceptable, é un indicativo de que será necesario revisar e mellorar.

Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	N/A	4.44	4.06	4.27
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos	N/A	4.50	4.40	4.80
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	4.00	4.13	4.40
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	N/A	4.06	4.07	4.27
O campus virtual facilita a miña labor docente?	N/A	4.75	4.31	4.80
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	N/A	4.25	4.13	4.13
Os horarios existentes son axeitados?	N/A	4.00	3.44	3.93
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	4.13	3.69	3.67
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	4.63	4.25	4.60
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	N/A	4.31	3.75	3.73
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	N/A	3.94	3.94	3.93
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	N/A	4.06	4.06	4.14
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	N/A	4.06	3.75	3.80
Valora a calidade docente da túa titulación.	N/A	4.19	4.19	4.13
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	N/A	4.63	4.44	4.47
O alumnado acode con regularidade ás clases?	N/A	4.56	4.75	4.73
O alumnado implícase na titulación?	N/A	4.31	4.44	4.33
O alumnado está satisfeito coa titulación?	N/A	4.25	4.13	4.27
En xeral, sintome satisfeito/a coa titulación.	N/A	4.25	4.13	4.27
<b>Curso académico</b>	<b>2018/2019</b>	<b>2019/2020</b>	<b>2020/2021</b>	<b>2021/2022</b>
Valoración global	N/A	4.28	4.11	4.25
Participación	N/A	32.65%	34.04%	29.41%

**Prácticas Externas. Mobilidade. Indicadores de satisfacción**

- Satisfacción dos Titores Externos cos programas de prácticas externas:

Os titores profesionais amosan unha satisfacción alta (5) no curso 2020-21 que está en liña cos valores medios da Universidade para todos os aspectos avaliados (figura 5). Neste curso 2021-22 non hai datos dispoñibles no momento de realizar este informe.

Dado que esta enquisa constitúe en certa medida unha avaliación externa do grao de preparación dos estudantes de máster o resultado é moi satisfactorio. No curso 2019-20 non se puideron realizar as enquisas debido a situación sanitaria derivada do Covid, por iso non hai datos.




Figura 5. Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas.

- Satisfacción dos Titores Académicos cos programas de prácticas externa

A satisfacción dos titores académicos e total nos curso 2018-19 e 2020-21 (figura 6). Neste curso 2021-22 non hai datos dispoñibéis no momento de realizar este informe.




Figura 6. Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas.

– Satisfacción dos Estudantes cos programas de prácticas externas

No curso 2018-19 os datos recollidos reflicten un grao de satisfacción global de 3,78. No curso 2019-20 non houbo enquisa e no curso 2020-21 o resultado foi moi baixo con un grao de satisfacción medio de 2,33. Neste curso 2021-22, os resultados melloraron subindo a un valor de 3,05. O alumnado valorou especialmente ben a información recibida do procedemento das prácticas (4,00) e a orientación prestada polo tutor académico e a Universidade (4,00).

Informe da enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas

Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

Prácticas Máster RD 1393/2007

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media
A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.).	4.00	N/A	2.00	4.00
A duración das prácticas foi axeitada	3.00	N/A	3.50	3.00
As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/institución foron axeitados	4.50	N/A	2.50	3.50
A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada.	4.50	N/A	2.50	3.25
As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.	3.50	N/A	2.50	2.75
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas.	2.50	N/A	1.50	2.50
En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral.	5.00	N/A	1.50	3.00
A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/miña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada.	4.50	N/A	3.00	4.00
Valora a túa satisfacción co teu periodo de prácticas externas	2.50	N/A	2.00	2.75
<b>Curso académico</b>	<b>2018/2019</b>	<b>2019/2020</b>	<b>2020/2021</b>	<b>2021/2022</b>
Valoración global	3.78	N/A	2.33	3.05

- Satisfacción dos egresados

Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación foi de 3,55 mellor que no curso anterior que foi de 3,26.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
<b>Total</b>	-	-	-	<b>3,26</b>	<b>3,55</b>

- Comparativa de indicadores coa media da USC

Excepto a duración media dos estudos, os indicadores amosan valores mellores que as medias da USC para másteres.

4316196-Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

**Comparación de indicadores coa media da USC – 2020/2021**

<b>Cód</b>	<b>Nome</b>	<b>Media USC</b>	<b>Valor MINSTA</b>
IN24M	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	88,88	100
IN25M	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	92,25	97,06
IN26M	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	61,58	79,41
IN32M	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	12,29	11,53
IN34M	Taxa de rendemento	87,41	95,04
IN35M	Taxa de éxito	98,50	99,26
IN36M	Taxa de avaliación	88,75	95,75
IN37M	Taxa de graduación	80,61	90,00
IN38M	Duración media dos estudos	1,50	2,00
IN41M	Taxa de abandono RD 1393/2007	7,41	0,00

#### 4. PLAN DE MELLORAS para o curso seguinte

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AMM2223-1
		Tipo	Dimensión 1: Xestión do Título Criterio 1. Organización e desenvolvemento Modificación Prazas ofertadas (IN01M)
	Orixe	Orixe acción	Comisión Académica MINSTA
		Descrición orixe	Nos dous últimos anos non se completa o número de prazas ofertadas.(20 alumnos) según o IN01M.
	Definición	Análise causa	Nos dous últimos anos non se completa o número de prazas ofertadas.(20 alumnos) según os indicadores IN01M e IN04M, pero hai unha alta preinscrición (42 neste curso 2021-22). Isto é debido aos desestamentos ou anulacións de matrícula correspondentes fundamentalmente ao alumnado de países alleos ao EEES. Este tipo de alumnos realizan con frecuencia anulacións de matrícula moi avanzado o curso, o que provoca que non se poda ocupar novamente esas prazas, aínda que exista alumnado interesado.
		Definición/descrición proposta	Modificación da oferta proponendo á universidade incremental a 22 prazas. De esta forma esperase mellorar o indicador IN04M - Matrícula de novo ingreso por preinscrición
		Data prevista de finalización	30/8/2023
		Data inicio	09/01/2023
	Responsables	Usuario responsable da implantación	Decano da Facultade de Ciencias
		Outros responsables da implantación	Coordinador do máster
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		



## 5. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO	
Modificacións	Xustificación da modificación